

Educación viaria

6-8 anos



"O corazón está do teu lado"



XUNTA
DE GALICIA



Proxecto didáctico:

Equipo aXente Corrente.

Autor:

Tino Fuentes.

Documento revisado polo Centro Superior de Educación Vial de Salamanca da DGT.

Documento revisado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Colaboración pedagóxica:

Daniel de las Heras.

Revisións ortográficas:

Laura Formoso.

Deseño de campaña, ilustracións, packaging e interiores:

Ferdecastro.

Maquetación:

Ferdecastro.

Dirección editorial:

Francisco Alvite.

Queda prohibida, salvo excepción prevista na Lei, calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación desta obra sen contar coa autorización dos titulares da súa propiedade intelectual. A infracción dos dereitos de difusión da obra pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual. (art. 270 yss. do Código Penal). O Centro Español de Dereitos Reprográficos vea polo respecto de citados dereitos.


Ediciones Agasalle Contenidos

ISBN 978-84-608-2930-0

Depósito Legal: C 1871-2015

Impreso en Galicia / *Printed in UE*

O corazón está do teu lado



Bloque

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Unidade 1 "Comezo o camiño".....	4
Unidade 2 "Móvome pola escola".....	8
Unidade 3 "Dona Prudencia".....	10
Unidade 4 "Guíome polo corazón".....	12
Unidade 5 "Debaixo da tona está o corazón".....	16
Unidade 6 "Poño atención!".....	18
Proxecto de bloque I "Vou de marcha!".....	20

Bloque

Como cruzar unha estrada.

Unidade 7 "Coidado co crocodilo".....	22
Unidade 8 "Polo lado do corazón".....	24
Unidade 9 "Camiño sen riscos".....	26
Unidade 10 "Coñezo o camiño".....	28
Unidade 11 "Atento á encrucillada".....	30
Proxecto de bloque II "Facendo Camiños".....	32

Bloque

Camiño con prudencia e atención.

Unidade 12 "O Vagalume".....	34
Unidade 13 "Non hai atallo sen traballo".....	36
Unidade 14 "Polo San Martiño peóns ao camiño".....	38
Unidade 15 "Vou pola man".....	40
Unidade 16 "A punto e limpo".....	42
Proxecto de bloque III "Protexo a paisaxe facendo reciclaxe".....	44

anexos

Proxecto final "Camiño con ritmo".....	46
Sopa de letras.....	48
Recortables.....	49
Adhesivos.....	51



Itinerario do libro

Bloque unidade

Este libro está pensado para ti, para que dunha maneira divertida xunto co teu profesor e compañeiros acadas unha formación en materia de seguridade viaria e logres coñecementos e hábitos para desprazarte con seguridade ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Neste libro aprenderás a desenvolverte como peón, coñecerás os elementos que concorren na circulación e os riscos que poden presentarse. A educación viaria ensina valores de respecto e convivencia e actitudes que te axudarán á prevención de accidentes. Lembra que o peón non é o débil se a precaución e o corazón están do seu lado.



Así se presenta cada bloque no que se indica o que queremos saber facer. Dividido en unidades, cada unha co seu título que se refire ao tema que vas traballar de maneira individual ou en grupo coa guía do teu profesor.

Presentación

Ola, eu son **Latexo** e voute acompañar nesta aventura de camiñar seguro por unha estrada.

Este é o teu libro de ruta para que fagas un percorrido divertido e educativo.

Arranca o proxecto poñendo en común o que sabes, o que vas aprender e o que vas traballar. Para esta aprendizaxe o profesor proporciónache información e unhas tarefas para elaborar, resolver problemas, contestar preguntas...

As unidades están pensadas como parte dun proceso de aprendizaxe gradual, que podes traballar de maneira individual ou en conxunto. Todas elas forman parte dun bloque unitario co fin de que as poñas en práctica nun proxecto final.

Actividade

As actividades están pensadas para traballar o "que aprendo" e "tarefas" da unidade. As actividades presentan distintas experiencias e aprendizaxes para favorecer a túa capacidade de aprender por ti mesmo e promoven o traballo en equipo.





Proxecto final


A actividade final é unha actividade na que ti aplicarás os coñecementos adquiridos ao longo do conxunto das tarefas realizadas ou nunha soa, pero sempre de forma participativa.

Que queremos saber?

En cada unidade sempre che lembrarei que é o que queremos aprender e a actitude, valor ou norma que che sirva para calquera situación que se che presente.




Competencias



Competencias clave

Aquí presentámosche os personaxes que corresponden ás competencias clave que traballas en cada unidade. Animámoste a ser responsable da túa propia aprendizaxe e que poidas adquirir unhas competencias e destrezas básicas para que traballes por ti mesmo, cun pensamento crítico na resolución de problemas.



Avaliación

Valora a actividade



Corazóns avaliación

En cada unidade atoparás un recadro con cinco corazóns numerados nos que, se queres, podes pegar corazóns para indicar canto che gustou e se aprendiches moito. Ao final do libro atoparás unha folla chea de corazóns adhesivos para poder facelo.

Proxecto bloque

Propoñemos unha serie de unidades para cada bloque, con tarefas deseñadas para que as traballes de xeito independente e que che sirvan para o proxecto final. Escolle as unidades dos diferentes bloques que máis che gusten e dillo ao teu profesor. Coa súa axuda-guía poderás realizalas con éxito.



Bloque I

"Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural."

Unidade 1

"Comezo o camiño"

Que aprendo?

- A traballar a orientación e a memoria espacial.
- A distinguir entre a dereita e a esquerda.
- A identificar o meu corpo e as principais partes que interveñen no movemento.
- A ter autonomía e confianza nas miñas habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

Tarefa

Póñome en fronte do profesor, e fago o que el me di: coas palmas de cara a el, se me di dereita-dereita, a miña man dereita debe ir á man dereita do profesor. Logo cos ollos pechados toco distintas partes do meu corpo seguindo as súas indicacións, así coñezo os lados do meu corpo. O profesor é coma se fose un espello. Tamén me vai mostrar imaxes de obxectos durante un espazo de tempo curto, e logo déboos debuxar.

Materiais

- Cores verde e vermella.


Competencias




En grupo e en fila camiñase mellor.

Avaliación



Valora a actividade



Actividade 1




Colorea de cor verde os coches que sinalan cara á esquerda
e de cor vermello os que sinalan cara á dereita.






Actividade 2

Saco a miña lingua cara á
miña dereita.



Que man teño levantada?




Que ollo estou chiscando?




En que man teño o cepillo?




Fai coma min. Imita as
accións dos debuxos.







Actividade 3

Realiza as seguintes accións e marca no recadro se as fas coa esquerda ou coa dereita. Finalmente, observa polas túas respostas cal é a túa man, pé ou ollo predominante.





 Peitea o teu cabelo 

Esquerda Dereita

 Chisca un ollo 

Esquerda Dereita

 Utiliza a man como un prismático e mira a través del 



Esquerda Dereita

 Fai coma se golpeases un balón 

Esquerda Dereita

 Cepilla os dentes 


Esquerda Dereita

 Borra cunha goma 

Esquerda Dereita

 Golpea co pé no chan 

Esquerda Dereita

 Golpea coa man na mesa 

Esquerda Dereita



Bloque I

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Unidade 2

"Móvome pola escola"

Que aprendo?

A respectar a estrada. A ser consciente de que xunto a min hai outros elementos que interveñen na circulación. A amosar comportamentos cívicos na rúa e na escola e respectar os usos e espazos comúns. A recoñecer as dificultades e problemas de circulación na escola, simulando características de circulación e convivencia como as da vía pública.

Voume fixar en como ando pola escola, á entrada e á saída do centro ou nas clases, nas carreiras polos corredores, a subida e baixada polas escaleiras, e nos accidentes ou incidentes no patio cos meus compañeiros para aprender as normas que regulan as relacións de convivencia da miña escola. O meu profesor vaime falar do Plan de Evacuación do Centro e para que serve. Vou pintar os meus pés con pintura de cores en cartolinas, que despois poñerei a modo de sinais polos corredores da escola, para que indiquen zonas de paso. As miñas pegadas poden ser empregadas xunto aos outros sinais normativos. (Páx. 49).

Tarefa

Materiais

- 6 botes de pintura acuosa. Cores vivas.
- Media ducia de cartolinas de cores.
- Papel de celofán.
- Tesoiras.

Competencias






A senda peonil é un camiño seguro. Respecta os corredores e lugares comúns da escola e fai o mesmo na rúa.

Avaliación

Valora a actividade



Sempre temos prisa por chegar aos sitios.
Percorre o camiño das espirais con dúas cores
diferentes, un de forma rápida e outro de forma
máis lenta, sempre intentando non bater cos
obstáculos. Logo de realizados, observa e pensa cal
saíu mellor e por que.



Bloque I

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Unidade 3

"Dona Prudencia"

Que aprendo?

Vou aprender o que é una senda peonil, e que por ela camiño de forma segura. Que nas vías interurbanas teño que camiñar polas zonas habilitadas para peóns. Vou traballar a orientación espacial e o sentido do oído para ser quen de ver e prever obstáculos e alertas de perigo. Aprenderei a ter confianza en min mesmo.

Imos xogar á "pita cega". Sortéase entre os meus compañeiros quen "queda" para facer de galiña cega. Ao que "queda" véndanselle os ollos e despois dá tres voltas sobre el mesmo mentres o resto de nós berramos e chamamos a súa atención. Despois, a pita cega avanza cos brazos estendidos intentando tocar a algún de nos e, cando o faga, debe adiviñar quen é tocándolle o cabelo, a cabeza, a cara ou as mans. Despois dirá o nome do compañeiro que cre que é e, se acerta, cambiamos os postos; se non acerta, o resto de xogadores berrámoslle que fallou, seguindo o xogo ata que acerte.

Tarefa

Materiais

- Unha venda ou pano para os ollos.
- Un chifre ou bucina.

Competencias




Cando camiñas ao carón dunha estrada, por un camiño ou por unha senda, non te desvíes do trazado.

Avaliación



Valora a actividade



Actividade



Por onde teñen que circular? Unide con liñas cada debuxo por onde lle corresponda circular.



Bloque I

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Unidade 4

"Guíome polo corazón"

Que aprendo?

Que cando non hai senda peonil sempre debo desprazarme polo lado esquerdo da vía, e sempre atento á circulación. Vou coñecer as partes do meu corpo e o seu funcionamento: os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio...

Voume fixar no movemento das cousas. O profesor vai-me ensinar como funciona un reloxo e o movemento das agullas, e se se asemella ao movemento do sangue no corpo humano. Vou aprender o movemento circular e como se parece a circulación sanguínea no corazón, e as cores do sangue nas veas e nas arterias, á forma de circular ordenadamente polas vías e as súas cores.

Tarefa

Materiais

- Esquema ou presentación da circulación sanguínea.
- Esquema da circulación das vehículos e dos peóns.
- Reloxo de agullas.

Competencias




Sen senda peonil, hai que andar sempre polo lado esquerdo da vía.

Avaliación


Valora a actividade



O sangue do corazón funciona no mesmo sentido das agullas dun reloxo, de esquerda a dereita.



Actividade 1



Une o debuxo e pon o nome en inglés:

Cabeza

Brazo


Perna

Corazón

Pescoro

Xeonllo

Pé





Actividade 2

Adiviña adiviñanza:

Non é un reloxo, pero fai Tic Tac,
non usa baterías, pero non para de andar.


Que é?


Coma a pedra son duros, para o can un bo manxar
e sen eles non poderías nin saltar nin camiñar.

Que é?

Miras adiante, fas exercicio,
dás aos pedais, tes equilibrio.


Que é?





Actividade 3

Pega sobre as siluetas o corazón. Cara que lado do corpo está o corazón?
Relaciona a posición do corazón co sentido da marcha cando non hai senda peonil.



Bloque I

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Unidade 5 "Debaixo da tona está o corazón"

Que aprendo?

Para ter unha vida saudable debo ter unha alimentación equilibrada e facer exercicio físico regular. Que a miña mobilidade corporal e o feito de camiñar á escola están relacionados co meu benestar e coa miña saúde.

No percorrido que fago a pé de camiño á escola ademais da froita ou comida que poida levar da miña casa, vou recoller froitas de temporada (noces, castañas, mazás...) e amosarllas ao profesor e aos meus compañeiros. Imos comparar os diferentes alimentos que son bos para Latexo e para min. Vou debuxar e facer esquemas das partes da froita e logo, se son boas para min, vounas comer.

Tarefa

Materiais

- Froitas.
- Láminas ou debuxos de ciencias da natureza sobre as partes das froitas.
- A pirámide alimenticia.


Competencias





Cunha alimentación sa e deporte, levaremos unha vida axeitada.

Avaliación

Valora a actividade



Guillermo Tell: Por parellas; cada un coa mazá que recolleu camiño da escola. Coloca o lapis a un palmo sobre a mazá do debuxo. Solta o lapis e, se lle dá a mazá do debuxo, daraslle unha dentada á mazá do teu compañeiro; pero se non é así el comerá da túa. Lanzará o lapis unha vez cada un ata rematar a mazá do teu compañeiro ou compañeira.



Bloque I

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural.

Unidade 6

"Poño Atención!"

Que aprendo?

A poñer atención aos ruídos que se producen na rúa, teño que identificalos como un sinal de alerta. Se coñezo as fontes sonoras do contorno próximo saberei prever os riscos. A ser respectuoso e tentar non facer ruído pois molesta e é unha forma de contaminación.

Vou escoitar sons de animais, vehículos a motor, barcos, ferrocarrís... e, a continuación, verei imaxes dos obxectos que os producen para que poida relacionalos. Coñecerei os sons que poidan ser un posible perigo ou ameaza para min.

Vou escoitar sons a diferente volume para apreciar o efecto de proximidade e distancia e relacionalos.

Tarefa

Materiais

- Gravacións sonoras e imaxes de elementos que poidan atopar os rapaces na vía.
- Traballar con fontes sonoras.

Competencias



Os ruídos dos vehículos na estrada alertan da súa presenza e dun posible perigo.




Avaliación

Valora a actividade



Subliña en vermello os posibles sons da lista que poden ser sinal de alerta. A continuación, con toda a aula en silencio, escoita e apunta no recadro en branco todos os sons que escoitas.




Freada de coche

Paxaro piando



Bucina dun coche

Acelerada dunha moto



Timbre dunha bicicleta

Nena cantando



Escribe aquí os demais sons:

Blank area for writing additional sounds.



Proxecto bloque I

Como camiñar ao longo dunha estrada nunha zona rural."

"Vou de marcha!"

Que aprendemos?

- A usar internet na busca de información para elaborar un itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.
- A coñecer e orientarme no espazo onde vivo e o meu contorno xeográfico.
- A mobilidade axúdame a levar unha vida saudable.

Que fixemos?

Vou de excursión cos meus compañeiros para practicar o que aprendemos e traballamos en cada unidade. Coa axuda do profesor imos debuxar un itinerario ou ruta de camiño á escola e despois percorrémola; así aprenderéi cal é a máis segura e pasareino ben facendo exercicio.

Materiais

- Ordenador conectado a internet.
- Mapa ou plano.

Competencias



Imos saír da clase para aprender e pasar un rato divertido. Apúntaste?

Avaliación

1

2



3

4

5



Debuxa aquí o itinerario



Bloque II

"Como cruzar unha estrada."

Unidade 7

"Coidado co crocodilo!"

Que aprendo?

A coñecer, aceptar e ter respecto ás normas e regras na escola e na estrada. Que é moi importante que, antes de cruzar, hai que mirar varias veces aos dous lados da estrada. Que teño que cruzar a estrada sempre en liña recta.


No patio da escola coa axuda do profesor imos debuxar no terreo dúas liñas paralelas separadas varios metros (simulando unha estrada). Dentro delas colocaranse un ou dous compañeiros, que farán de crocodilos. Os que estamos fóra das liñas trataremos de pasar dun lado ao outro sen ser atrapados. "Queda" quen fose pillado. O crocodilo representa os coches que circulan pola estrada. Debe quedarme claro que a única forma válida de cruzar unha estrada é sempre en liña recta, e evitar diagonais e cambios de sentido.

Tarefa

Materiais

- Camiseta verde para o crocodilo.

Competencias





Cando vou cruzar o meu obxectivo é chegar ao outro lado sen distraerme con outra cousa.

Avaliación

Valora a actividade



Encontra e rodea os tres C. Mira ben de esquerda a dereita e de dereita a esquerda.



OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOCOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOCOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO



Bloque II "Como cruzar unha estrada."

Unidade 8

"Polo lado do corazón"

Que aprendo?

Vou coñecer e entender o sentido da marcha e da circulación de vehículos e peóns polas vías. A identificar os lugares por onde e de que maneira deben circular os vehículos e peóns. O profesor axudame a entender o concepto de orde e a necesidade da organización na sociedade.

Vou ver como a natureza ten unha orde e como a actividade humana organizada tende a esa orde. Traballarei con imaxes e farei saídas para ver o movemento dos paxaros cando voan en grupo e as súas migracións; a circulación dos ríos e outros elementos naturais sometidos a certa orde. Compararei como as aves e outros animais se desprazan en grupo (senda animal) seguindo rutas preestablecidas para chegar a un lugar de forma segura.

Tarefa

Materiais

- Imaxes da natureza e do comportamento animal en relación á organización humana.

Competencias







Antes de cruzar, sempre debes mirar á dereita e á esquerda varias veces.

Avaliación

Valora a actividade



Axuda a formiga a chegar á folla. Ollo! un dos camiños é perigoso para a formiga.



Bloque II

"Como cruzar unha estrada."

Unidade 9

"Camiño sen riscos"

Que aprendo?

• A aprender nocións básicas de prevención de riscos e normas para a miña protección. Como actuar na práctica dun simulacro de evacuación co fin de desaloxar o colexio, mantendo a calma e a orde.

• Na escola faremos un simulacro de emerxencia para probar a eficacia do plan de evacuación. Aprenderei como teño que actuar ante unha situación de perigo. Recoñecerei as persoas que velan pola miña seguridade e seguirei as súas instrucións. Saberei identificar os sinais porque coñezo os sinais obrigatorios e colaborei nunha actividade anterior a deseñar parte da sinalización das vías de evacuación.

Tarefa

Materiais

- Plan de evacuación.
- Nocións básicas de prevención de riscos e normas de protección.
- Colaboración coa policía local, bombeiros e protección civil.


Competencias




Antes de entrar deixen saír

Avaliación

Valora a actividade



Fai unha breve redacción do percorrido que fas do patio á túa clase.



A large rectangular area with a dashed border and horizontal dotted lines, intended for writing the answer to the question.



Bloque II

"Como cruzar unha estrada."

Unidade 10

"Coñezo o camiño"

Que aprendo?

Vou aprender, como peón, a enfrontarme aos problemas e dificultades que podo atopar como usuario de redes viarias. Coa axuda do profesor saberei escoller o que máis conveña ás miñas características como transeúnte e, atendendo ás súas indicacións, poderei tomar decisións por min mesmo, ter iniciativa persoal, ser creativo e valorar os meus logros.

Contareille á clase o percorrido que realizo diariamente ao saír da casa. Por que escollo ese camiño ou se mo indica alguén. A que hora saio da casa e chego á escola. Que medio utilizo para chegar á escola, se vou só ou acompañado, se repito sempre o mesmo camiño, por onde cruzo, etc. En grupo co noso educador, poderemos saír a facer un dos percorridos que facemos cando vimos á escola para comprobar se é o máis axeitado ou debo escoller outro.

Tarefa

Materiais

- Caderno de debuxo do alumno/a.
- Plano do contorno do colexio.
- Un dos mapas será empregado polo educador para facer un percorrido en grupo.


Competencias




De camiño á escola, escolle sempre o mellor camiño: o máis seguro.

Avaliación

Valora a actividade



Debuxa o teu camiño á escola.



Casa



Colexio



Bloque II

"Como cruzar unha estrada."

Unidade 11

"Atento á encrucillada"

Que aprendo?

A coñecer e identificar os nomes dalgúns palabras relacionadas coa vía. Vou comprender o que significan e a súa función. Aprenderéi conceptos de seguridade viaria e ampliarei o meu vocabulario.

O profesor vaime ensinar conceptos relacionados coa seguridade viaria e aprenderéi o seu significado para poder identificalos e recoñecelos se aparecen ou non no percorrido que fago diariamente. Voume familiarizar con lugares, infraestruturas ou obxectos que vexo para estar alerta, e outros elementos da vía que me dan información para a miña seguridade.

Tarefa

Materiais

- Fotografías e imaxes de cruces de camiños e estradas.


Competencias




Pola estrada sempre teño que pensar antes o que vou facer.

Avaliación

Valora a actividade





Completa as frases coas palabras que faltan.



Esquerda
Estrada
Peóns
Senda peonil

Os _____ son os máis vulnerables e fráxiles xa que non teñen ningunha protección corporal.

Unha _____ é un camiño ao longo dunha estrada, deseñado para o tránsito de peóns.

Os peóns na _____ deben camiñar pola _____, no sentido contrario á marcha dos vehículos e o máis afastado do bordo da estrada.



Proxecto bloque II

"Como cruzar unha estrada."

"Facendo Camiños"

Que aprendemos

Como se fan e a utilidade das vías públicas e as estradas. Que elementos interveñen na súa construción (maquinaria, deseño de trazado, elementos de seguridade...)

A facer un pequeno traballo coa información recibida.

Que fixemos?

Faremos unha visita guiada en grupo ás obras de construción ou mantemento dunha infraestrutura viaria. Vanme explicar os elementos que interveñen nunha obra, e como se fai para entender as dificultades de facelas e os beneficios que teñen para min e os demais cidadáns.

Materiais

- Caderno de clase.

Competencias



A facer camiños
apréndese
camiñando.

Avaliación


1

2


3

4

5



Completa os debuxos



Bloque III

"Camión con prudencia e atención."

Unidade 12

"O Vagalume"



Avaliación

Valora a actividade



Que aprendo?



Ténseme que ver ben ao camiñar por unha vía non urbana. Teño que facerme sempre visible nos desprazamentos como peón e levar sempre roupa ben visible ou portar un elemento reflector. A observar o comportamento dos corpos (roupa ou obxectos reflectores) diante da luz.

Eu e mais os meus compañeiros temos que levar á clase roupa clara e escura e roupa con elementos reflectores. Nunha aula, pecharemos todas as persianas, apagaremos a luz e deixaremos a estancia na maior escuridade posible. A continuación, acenderemos unha luz (lanterna ou foco luminoso) e comprobaremos como se reflicte esta na roupa dos que levan materiais reflectores e como non ocorre o mesmo nas que non o levan. Tamén comprobarei como se perciben mellor na distancia as roupas claras ca as escuras. Sempre levarei o meu corazón luminoso na miña mochila ou na bicicleta para facerme ver e camiñar seguro.

Tarefa

Para desprazarme camiñando pola estrada, sempre hai que levar un elemento reflector.



Materiais







- Roupas ou calzado con luces reflectoras.
- Luz led, lanterna ou foco de luz.
- O noso corazón luminoso.
- Rotulador fosforescente.

Competencias



Encontra as catro diferenzas.



Bloque III

"Camión con prudencia e atención."

Unidade 13 "Non hai atallo sen traballo"

Que aprendo?

Atravesar unha estrada na distancia máis curta entre o meu lado e a outra beira e en liña recta. Vou resolver problemas de xeometría sinxelos relacionados coa vida cotiá. A usar instrumentos de medición ou outros métodos non convencionais.

Comprobarei que a distancia máis curta entre dous puntos é a liña recta. Empregarei unha corda no patio para estirla ou encollela e así poder apreciar as diferenzas na distancia entre dous puntos. Aprenderei a empregar unidades de medida (pés, pasos, metros...) Vou debuxar e recortar figuras xeométricas como triángulos, e tamén pode que coñeza a un tal Euclides.

Tarefa

Materiais


- Caderno de clase do alumno/a.
- Unha regra.
- Unha corda.

Competencias

Débese cruzar a estrada sempre despois de mirar, sempre en liña recta e na distancia máis curta posible.



Avaliación

Valora a actividade



Actividade

Corta un papel da medida marcada no debuxo. Pon o papel sobre os pés de Latexo e di cal é o camiño máis curto.



Bloque III

"Camiño con prudencia e atención."

Unidade 14

"Polo San Martiño
peóns ao camiño"



Avaliación

Valora a actividade



Que aprendo?



Vou traballar o sentido da dirección. Debo fixarme no percorrido para evitar camiñar dando voltas sen rumbo. Que non é igual camiñar en curva ca en liña recta.

Vou descubrir e practicar algúns xogos tradicionais de Galicia e que cando xogo ou fago deporte comparto cos demais. Que moverme e practicar unha actividade física son bos para a miña saúde.

Tarefa

A escola pode celebrar o Día do Peón e organizar xogos e actividades relacionadas coa seguridade viaria. Practicaremos xogos tradicionais de Galicia. Vou xogar ao trompo e verei o movemento circular do seu xiro. Comprobarei que algúns obxectos cambian de sentido ou xiran, como un vehículo que cando camiña pola estrada non sempre marcha en liña recta. Voume fixar no movemento circular nas curvas e nas rotondas.

Procuro camiñar
seguinto un sentido,
evitando dar
voltas ou xiros
imprevistos.



Materiais




- Un trompo.
- Esquema dunha rotonda para que observen por onde entran e saen os coches e como a deben cruzar os peóns.

Competencias



Pensa en como se moven as agullas do reloxos e o seu sentido. Recorta as agullas da páxina 49 e pon as dúas menos dez.



Bloque III

"Camiño con prudencia e atención."

Unidade 15

"Vou pola man"

Que aprendo?

Vou aprender como se debe camiñar polas beiravías e ir con alguén sempre da man. Lembrareille aos meus pais ou acompañantes a necesidade de camiñar pola beirarrúa colléndome sempre da man, e eu non debo soltarme sen máis. Pola estrada, na medida do posible, camiñaremos pola esquerda e nós, os máis cativos, do lado máis afastado da vía.

Verei fotografías reais para coñecer con exemplos condutas de peóns en situación de risco ou imprudencia e tamén condutas responsables e axeitadas, para que despois eu poida imitalas ou evitalas en situacións reais. Cando saia á vía debo observar e imitar as formas correctas e aprender das condutas e comportamentos doutros peóns.

Tarefa

Materiais

- Fotografías e imaxes de situacións reais de risco e comportamentos seguros.

Competencias





Camiño da man e pola man correcta.

Avaliación

Valora a actividade



Pega aquí a túa foto e a da persoa ou heroe con quen te sentirías máis seguro no camiño.



Bloque III

"Camiño con prudencia e atención."

Unidade 16

"A punto e limpo"



Avaliación

Valora a actividade



Que aprendo?



De camiño á escola empregarei as papeleiras e non tirarei lixo ao chan. O que son os materiais reutilizables e reciclables. Que teño que levar o meu xantar en envases que se poidan reutilizar durante moitos días. A utilizar as papeleiras da clase mellor ca as que hai no patio. No patio, aprenderé a identificar e empregar un caldeiro ou papeleira de reciclar e tirar alí o meu lixo.

Participarei ou colaborarei na creación na aula dunha campaña de concienciación sobre a limpeza ou reciclaxe de lixo. Deixarei limpo e recollido o meu pupitre e farei servizos de limpeza por quendas dos espazos comúns. Terei coidado cos envases de cartón e outros. Usarei a papeleira máis próxima ou colector que haxa para este tipo de envases. É tarefa miña e de todos manter limpo o colexio.

Tarefa

Materiais



- Guantes de plástico.
- Cores amarela, verde e azul.





Competencias



Manteño limpo o camiño á escola e axudo na súa limpeza.



Colorea os obxectos do lixo coa cor do contedor que lle corresponde.



Proxecto bloque III

" Camiño con prudencia e atención. "

" Protexo a paisaxe facendo
reciclaré "



Avaliación

1

2

3

4

5

Que aprendemos?



O coidado da natureza e da miña saúde. A manter limpo o colexio e o seu contorno.
A aproveitar as cousas que ofrece a natureza e as que fabrica o home e entender que hai recursos que se esgotan. Amosar a importancia do aforro da auga e o seu emprego nos espazos comúns (aseos, comedor...)

Un día sinalado no calendario escolar como o Día da Terra, faremos unha saída no seu contorno. Se hai un río, faremos un percorrido pola súa beira para ver a calidade das augas, se hai lixo e como afecta ao medio e os animais que viven nel. Lembraremos o que aprendemos sobre limpeza e reciclaxe na escola e podemos recoller o lixo e levalo ao colexio e depositalo nos colectores axeitados.
Organizaremos e participaremos nun obradoiro para amosar as posibilidades da reciclaxe de materiais; tamén podemos facer unha campaña de recollida de tapóns con fins solidarios.

Que fixemos?

Materiais

- Guantes de plástico.



Competencias




Pódese facer o
camiño á escola
andando e
reciclando.



Imaxínate a ti de camiño ao
parque. Debuxa nas viñetas o
percorrido que fas.

Imos ao parque?

Atento á
estrada!



Mira que bonito
é o meu chaleco.

Chegamos ao
parque!



Proxecto final

"O corazón está do meu lado"

"Camiño con ritmo"

Que aprendemos?

A traballar e empregar materiais das tecnoloxías da información e a comunicación que me axuden a comprender o que leo, a expresarme mellor de forma oral e escrita e entender a comunicación audiovisual. A utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para facer na medida das miñas posibilidades un produto artístico final.

Que fixemos?

Realización dun proxecto ou traballo (composición musical, dramatización ou teatro, curtametraxe ou audiovisual, banda deseñada, redacción...), relacionado coa seguridade viaria en que se desenvolvan os contidos traballados no Bloque. Este proxecto pódese presentar a concurso tanto a nivel interno do centro coma aos propostos por entidades públicas e privadas en relación á seguridade viaria. Busca por internet o concurso máis axeitado.

Materiais

- Instrumentos musicais, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico.
- Material diverso para elaborar producións plásticas.

Competencias



Alegre faise o camiño moito máis curtiño.

Avaliación

1

2


3

4

5



Escribe aquí a túa obra.






Sopa de letras


C Z P O P Ñ V O B S O S X B
H Ñ E U U B E I R A R R U A
A W O J F E S S O U H E D P
L F N A M I C U B D E S K R
E Y O F E R O R S A C Q P O
C C B U S A L Q T B A U O H
O A C W T V A Q A L R E L I
O M I C R I A E C E R R I B
U I N L A A A T U F I D C I
M Ñ T R D N E B L H L A I R
O O O B A G E W O L E L A W
Y L S E N D A P E O N I L L
L G E X S I N A L R K Z P R
A U T O M O B I L T R K S D

automóbil
beirarrúa
beiravía
camiño
carril
cinto
chaleco
escola
esquerda
estrada
obstáculo
peón
policía
prohibir
saudable
senda peonil
sinal
visible



Adhesivos


Aquí tes as agullas do reloxo



horas

minutos

Pon aquí a túa pegada, decómaa e recorta



O Corazón está do teu lado





O Corazón está do teu lado



Agora xa estás
listo para novos retos.
Anímate!



XUNTA
DE GALICIA

ISBN 978-84-608-2930-0



9 788460 829300

Agasale
contenidos